

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/13-1
Entidade	CONFRARIA DE CAMELLE	
Plan explotación⁽¹⁾	PERCEBE	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	EMBARCACIÓN	

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	De punta Morelo a punta Gallada
Subzonas de explotación	Zona A: de punta Gallada a sur da praia de Trece (CM-117) Zona B: de sur da praia de Trece a canle de Cabanas (CM-118) Zona C: de canle de Cabanas a peirao de Camelle (CM-119) Zona D: de peirao de Camelle a punta Morelo (CM-120)

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	46	100
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		
		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	0	0

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción						146						
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ Rotación de zonas												
Modalidade⁽³⁾: dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	-	-	5-8 kg

Artes a empregar	Raspa ou rasqueta, segundo o artigo 124 do Decreto 424/1993
-------------------------	---

Puntos de control	Zona A: "Porto de Ríos" Zona B: "Porto de Rios" Zona C: "Porto da Lagoa" Zona D: "Porto de Camelle"
Puntos de venda	Lonxa do "Muro" en A Coruña e lonxa de Malpica

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improditivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembrar	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												



Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: O plan presenta un listado cun total de 45 embarcacións -ás que lles corresponderían 99 cotas- con 67 tripulantes habilitados, cando conforme aos datos da Consellería o número de embarcacións co recurso percebe no seu permex asociadas á confraría de Camelle é de 46 con 100 habilitacións. Non figura a embarcación que ten o recurso percebe renovado e figura asociada á confraría de Camelle.

Ampliación: Non se aproba a ampliación de embarcacións e habilitacións solicitada no plan, dado o incremento do esforzo pesqueiro que supón o aumento dos días de extracción, tendo en conta ademais que existen 32 habilitacións vacantes que se poderían cubrir ao longo do ano. Aconséllase a renuncia aos cupos non utilizados, de xeito que podan ser distribuídos entre as embarcacións interesadas, de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral Ordenación e Xestión de Recursos Mariños, nun proceso de cobertura de vacantes.

Días máximos de extracción: O estudo da evolución da produción deste recurso nos últimos anos posibilita un incremento ata 146 días máximos de extracción

Cota máxima de captura: O incremento do esforzo pesqueiro que supón o aumento dos días máximos de extracción ao ano, desaconsella incrementar a cota máxima de captura respecto do plan en vigor, polo que queda fixada en 5 kg/tripulante habilitado enrolado e a bordo/día (peso neto) e 6 kg/tripulante habilitado enrolado e a bordo/día (peso bruto).

Extracción dirixida ao percebe "alongado" que se desenvolverá baixo as seguintes condicións:

- Solicitude expresa, para a súa valoración e aprobación de ser o caso, que se remitirá ao departamento territorial indicando os seguintes aspectos: zona, data, cota máxima de captura, relación de participantes e talla mínima
- Talla mínima do percebe "alongado": entre 6 e 8 cm de lonxitude total. Deberase



concretar na solicitude de apertura a talla mínima dentro do rango indicado anteriormente.

- Cota máxima de captura: 8 kg/percebeiro/día e 8 kg/habilitación enrolado e a bordo/día
- Os días adicados a esta extracción selectiva non computarán no número de días máximos de extracción
- O percebe extraído será vendido mediante poxa na lonxa.
- As zonas onde se realizará a extracción será: Pedra do Machado, Costa firme de Soesto, Pedra do Sal, O Cabezo

Xestión da explotación: A extracción realízase durante todo o ano, mediante a rotación das catro zonas de traballo nas que se divide o ámbito do plan.

Puntos de control: As normas de funcionamento e a organización dos puntos de control está perfectamente definida. As persoas responsables son os vixiantes da confraría que fan o control de topes e rexistran nunha folla control o nome da embarcación, número de tripulantes a bordo, quilos extraídos. Esta información é entregada na confraría para a expedición dos documentos de transporte. Previo ao paso polos puntos de control, poderanse realizar inspeccións nas propias embarcacións por parte dos vixiantes da confraría. O paso polos puntos de control é obrigatorio para tódolos participantes deste plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Horario: Neste plan recóllese que o horario de traballo será dende 1 hora e media antes a 1 hora e media despois da baixamar diúrna, ata as 17'00 h. Tendo en conta que este horario é máis restritivo que o recollido na Orde do 6 de marzo de 2000, pola que se regula a explotación de percebe como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, non existe inconveniente na súa aplicación.

Vixilancia: Os integrantes deste plan fan vixilancias nas fins de semana, en apoio aos vixiantes da confraría, estando perfectamente definido o funcionamento e organización dos grupos. As persoas responsables son os membros da directiva da agrupación, un por cada grupo, e se encargarán do control de asistencia. A realización de vixilancias é obrigatorio para tódolos participantes deste plan.

Réxime disciplinario: O incumprimento das normas do plan será sancionado, logo da apertura do correspondente expediente sancionador, conforme ao Regulamento de Réxime Interior da agrupación, que, no caso de que o incumprimento sexa das normas referidas aos puntos de control ou por extraccións ilegais con técnicas de mergullo suporá a non inclusión no plan do ano seguinte.

Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe: *“a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico.”* En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).